



*PRADEIRAS
MARIÑAS*

PAULA FERNÁNDEZ- AHUJA ÁLVAREZ
MARÍA PENA LEMA
CELIA TAÍN RILO



1. INTRODUCCIÓN. XUSTIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES	3
2. CRITERIOS, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE.....	3
3. DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.....	7
4. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO.....	12
5. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.....	12
6. CONCLUSIÓN.....	13

1.INTRODUCCIÓN. XUSTIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES

O CEIP Plurilingüe Ría do Burgo é un centro educativo do Concello de Culleredo, limítrofe coa cidade de A Coruña.

Ten un alumnado de procedencia moi diversa (multicultural e multiétnico) e iso implica diferentes realidades sociais, económicas e tamén educativas.

Cando o CEIDA nos ofreceu a actividades das PRADARÍAS MARIÑAS, pareceunos unha opción moi interesante, na que podíamos traballar dende un enfoque vivencial, dinámico e cun carácter exprimental, coñecendo este ecosistema.

Os obxectivos marcados son:

1. Integrar as aprendizaxes de distintas disciplinas a través dun enfoque globalizado.
2. Potenciar o tratamento da información en calquer tipo de soporte.
3. Coñecer a diversidade de ecosistemas mariños.
4. Valorar e respetar as pradarias mariñas.
5. Traballo en equipo a través da actividade realizada na investigación e traballo de campo nas pradarias mariñas.
6. Respecto polo noso entorno e a biodiversidade existente.

2. CRITERIOS, ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE

CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE

<p>B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos</p>	<p>B3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.</p> <p>B3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes</p>	<p>CCL / CAA / CSC / CCEC CD / CMCCT</p>
	<p>B3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.</p> <p>B3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de forma oral e escrita os</p>	<p>CSIEE</p>

	resultados	
<p>Realización de proxectos e presentación de resultados.</p> <p>Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos</p>	<p>– Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.</p> <p>– Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>– Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos</p>	<p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CMCCT</p> <p>CSIEE</p> <p>CD</p>
<p>Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</p>	<p>– Expón contidos oralmente de forma clara e ordenada.</p> <p>– Comprende de forma global a información xeral de textos e identifica o tema e selecciona as</p>	<p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CMCCT</p> <p>CSIEE</p>

	<p>ideas principais.</p> <p>-- Consulta de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático</p> <p>- Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas</p>	<p>CD</p>
<p>Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou noutras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións</p>	<p>- Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.</p> <p>- Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e comunícaa oralmente e/ou por escrito.</p> <p>- Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.</p>	<p>CMCT</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p>

<p>Respectar e valorar o traballo individual e en grupo</p>	<p>- Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións elaborando informacións básicas</p> <p>- Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas.</p>	<p>CSCC</p>
---	---	-------------

3. DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Dende o CEIDA propuxéronnos investigar unha pradaría mariña preto da nosa escola. Esa pradaría era descoñecida para todos, e atópase na praia de Santa Cristina. Polo tanto, aceptamos polo enriquecedor que podía resultar a actividade para os nenos e nenas, e para traballar distintos contidos tanto curricular como extracurriculares.

A actividade consistía en investigar sobre dita pradaría mariña, xa que non había datos acerca dela, polo que os alumnos/as tiñan que realizar un traballo de campo, anotar datos, e realizar conclusións nas visitas á pradaría.

Esta investigación a realizaron o alumnado de 5º de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Ría do Burgo. Este curso está formado por 3 grupos os cales participaron integramente na actividade.

A actividade desenvolveuse en tres fases que explicaremos a continuación:

1ª FASE ADQUISICIÓN DE CONCEPTOS BÁSICOS

A fase inicial da actividade na cal os nenos/as descubriron a existencia das pradarías mariñas, e máis concretamente, a pradaría de Santa Cristina a través dunha charla impartida polas biólogas do CEIDA nas aulas.

Durante esta charla o alumnado e profesorado de 5º de Educación Primaria coñeceu toda a información necesaria acerca das pradarías e tamén o que tiñamos que realizar na actividade ,que empezou a finais de xaneiro e comezos de febreiro e rematou en xuño. Nela, a través dunha presentación explicáronnos conceptos básicos, e tamén nos amosaron outras pradarías mariñas que hai o longo da nosa costa, nas que xa había escolas traballando.

Esta primeira fase podemos dicir que foi a **fase de motivación**, debido a que nela xurdiu curiosidade por parte do alumnado para seguir coñecendo e investigando acerca deste tesouro que tiñan tan preto da escola, e tiñan ganas de comezar o traballo e ser eles/as os protagonistas da investigación dun ecosistema tan descoñecido para todos/as.

Esta parte tamén foi a máis teórica, mais foi necesaria para ter clara a información que nos estaban a transmitir e así poder establecer os obxectivos e contidos que tiñamos que realizar en cada unha das partes da investigación para poder lograr o produto final co noso alumnado.

2ª FASE DE INVESTIGACIÓN

A investigación levouse a cabo no medio, en concreto, no lugar onde estaba a pradaría mariña, na praia de Santa Cristina.

Esta segunda fase foi moi ilusionante e motivadora para o alumnado de 5º de primaria. Para moitos deles era a primeira vez que realizaban un traballo de investigación tan grande coma este, na que os protagonistas eran eles/as e todo o proceso o realizaban eles/as guiados polas biólogas do CEIDA.

O feito de ser as primeiras persoas en investigar estas pradarías na praia de Santa Cristina foi moi ilusionante para todo o centro e familias, mostando moito interés dende o inicio.

Unha vez na praia, o alumnado traballou en tres grupos (un por clase) acompañados dos diferentes biólogos e biólogas. En cada un dos grupos o alumnado divideuse en outros máis pequenos. Puxéronse nome de equipo e repartíronse os diferentes materias que tiñan que utilizar durante a investigación.

Entre o material estaban: cadrados de arame, una cinta métrica e unha folla de rexistro.

O proceso era o seguinte: escollíamos unha zona da praia e colocábamos o cadrado de arame grande. Unha vez posto observábamos a cobertura de pradarías mariñas que había no interior. Esta cantidade expresábamola cunha porcentaxe (por exemplo 50%). O outro cadrado colocábamolo no interior do grande. Neste contábamos o número de prantas que atopábamos. Para iso facíamos agrupacións coas nosas mans. Para rematar con esta parte collíamos unha cinta métrica e medíamos a lonxitude das prantas.

Todo isto anotábamolo na folla de rexistro e repetíamos o proceso en diferentes zonas da praia.

Ademais disto, rexistrábamos a flora e fauna que encontrábamos así coma o lixo.

Na primeira saída que fixemos, o alumnado tardou tempo en entender o proceso, mentres que na segunda foi todo máis rápido sinxelo para eles.

O feito de estar nunha praia que coñecían foi de especial motivación e chegaron a escola moi contentos e contentas do traballo realizado.



3º CONGRESO PRADARIAS MARIÑAS

Presentación do traballo realizado durante a nosa investigación no I congreso acerca das pradarias mariñas que se celebrou na “Fábrica” en Santa Cristina, onde nos reunimos con outros colexios da nosa comunidade que tamén investigaron sobre as pradarias que estaban preto das súas escolas.

Para o Congreso realizamos entre as tres aulas de 5º de Educación Primaria un vídeo explicativo acerca das pradarias mariñas e o noso traballo e investigación levada a cabo durante todos os meses previos para dar a coñecer este tesouro que existe na nosa localidade.

Ese é o vídeo que expuxemos no Congreso, no que 6 alumnos/as (representantes dos tres cursos correspondentes) foron os encargados/as de facer unha pequena presentación do noso traballo para así dar paso ao vídeo que explicaba a investigación realizada.



4. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

- Relacionadas co tratamento da información:
 - Búsqueda de información sobre as pradarias mariñas
 - Manexo de distintos formatos de lectura
 - Análise e selección da información máis relevante e da que lles poida interesar
 - Formulación de preguntas ás que lles gustaría ter resposta
 - Envío de información en distintos formatos
- Traballo en grupo
 - Acordos
 - Toma de decisións
 - Organización e reparto das tarefas
- TICs
 - Aplicación de ferramentas de presentación da información: CANVA, GENIALLY, POWER POINT, VÍDEO....
- Implicación da comunidade educativa:
 - Participación e colaboración das familias na actividade

5. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

Mediante a avaliación faremos unha reflexión de todo o proceso. Os aspectos que se van avaliar son os seguintes:

- A intervención do profesorado

- A participación do alumnado
- A organización dos espazos e do tempo
- A organización dos recursos e fontes de información postas ao alcance dos alumnos

As **ferramentas** utilizadas para levar a cabo esta avaliación foron as seguintes:

- Rexistro de observacións, realizando as modificacións que fomos considerando
- Unha rúbrica onde avaliamos o traballo grupal do noso alumnado na investigación.
- Unha escala na que tiñamos os obxectivos necesarios para realizar a investigación.

6. CONCLUSIÓN

En definitiva, esta investigación foi toda unha experiencia inolvidable para o noso alumnado, ao igual que para nós como profesionais. Foi unha oportunidade única poder coñecer un novo ecosistema, como son as pradarias mariñas, e ver que tiñamos un tesouro escondido nunha das praias máis coñecidas da nosa localidade.

